



Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO A SELECCIÓN DE DOUS/DÚAS PEÓNS/AS FORESTAIS PARA O SERVIZO DE LIMPEZA DE MONTES E SILVICULTURA PARA PREVI- R INCENDIOS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E INMIGRACIÓN AO ABEIRO DO PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026.

PROCESO SELECTIVO : contratación de dous/dúas peóns/as forestais (grupo de cotización 4/axudantes non titulados) a xornada completa, modalidade de contrato de traballo vencellado a programas de políticas activas de emprego (405) durante nove meses.

ACTA nº 1

DATA: 11 de xuño de 2026

HORA COMEZO: 10.45 horas

LUGAR DE CELEBRACIÓN: Salón de plenos do Concello de Carral (A Coruña)

ASISTENTES:

Presidenta: D^a Sonia Campos Ares, Técnica xurídica

Secretaria: D^a Rebeca Vázquez Vázquez, Secretaria municipal.

Vogais:

D^a Noemí González Mato, Interventora.

D Miguel Ángel Campelo Pérez, Encargado de obras.

D Iván García García, Conserxe.

En Carral (A Coruña), na data e hora ao comezo indicados reúnen-se as persoas arriba relacionadas, ao obxecto de constituir o tribunal e proceder á valoración dos méritos e realización da proba de oposición dos aspirantes segundo o disposto nas bases reguladoras que rexen a convocatoria

Os membros asistentes foron nomeados por Resolución do Alcalde-Presidente núm. 266/2026, de 10 de xuño de 2026.

Asistindo a Presidenta, a Secretaria e os vogais sinalados, declárase válida a constitución do Tribunal, para os efectos de proceder coa valoración de méritos e probas de selección segundo o disposto nas Bases Sexta e Sétima que rexen este procedemento selectivo e indican:



Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 1

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

“SEXTA.- PROBAS DE SELECCIÓN

O sistema selectivo será o de concurso-oposición. Constará dunha fase de valoración de méritos (3 puntos) e dunha proba práctica (7 puntos).

6.1- Concurso (3 puntos)

6.1.1.- *Formación.- Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas (ata un máximo de 1,75 puntos).*

- 0,015 puntos por hora de formación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas e por cursos relacionados coas funcións propias dos postos a ocupar: ata un máximo de 1,0 punto.

6.1.2.- *Experiencia profesional.- Por ter traballado en postos similares:*

- 0,015 puntos por mes traballado en postos con funcións iguais ou similares aos que se pretende ocupar: ata un máximo de 1,0 punto.

6.1.3.- *Outros méritos.- Posuír carné de conducir tipo B: 0,25 puntos.*

A estes efectos, só se computará o mes completo de traballo, que terá unha duración de trinta días, a xornada completa.

A experiencia laboral acreditarase coa presentación simultánea dos contratos de traballo e da vida laboral e a realización dos cursos cunha fotocopia do certificado de asistencia ou do diploma. Os cursos que non recollan as horas non serán computados e só se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ao servizo das administracións públicas e universidades). En canto á experiencia profesional, os/as aspirantes con experiencia profesional nunha categoría superior á que se presentan computaralles para ese posto mais non ao contrario.

6.2.-Oposición (7 puntos)

6.2.1.- Proba práctica

A proba práctica será sobre traballos propios destes postos e terá unha duración máxima de quince minutos podendo o tribunal realizar preguntas de aplicación práctica. A valoración desta proba será do seguinte xeito:



Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- *Destreza na realización da proba: 1,75 puntos*
- *Adecuación da elección dos materiais empregados: 1,75 puntos*
- *Axilidade na realización dos traballos (tempo empregado na realización do traballo): 1,75 puntos*
- *Adecuación das respostas ás preguntas prácticas realizadas polo tribunal: 1,75 puntos*

Os/as aspirantes serán convocados en chamada única e terán que vir provistos do DNI ou documento que acredite a súa identidade no momento da proba. Os/as candidatos/as que non acrediten o nivel de galego Celga I realizarán o mesmo día da proba práctica unha entrevista en galego.

Para o caso de empate na puntuación final de dúas ou máis persoas, esta resolverase tendo en conta os criterios de preferencia marcados no artigo 14 da Orde da Xunta de Galicia relativos aos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral:

- Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.*
- Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia*
- Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.*
- Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.*
- Persoas paradas de longa duración.*
- Persoas con discapacidade.*
- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.*
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos.*
- Persoas trans.*
- Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.*

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendendo por estas ter a cargo da persoa



Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 1

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

SÉTIMA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

No decreto de aprobación destas bases designarase a unha persoa encargada de recibir e comprobar a presentación polos/as candidatos/as da documentación requirida e de realizar unha proposta á alcaldía cos/candidatos admitidos/as e excluídos/as provisionalmente.

O alcalde ou órgano delegado ditará a resolución pola que se aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas que se fará pública no taboleiro do Concello, outorgándose un prazo de dous días hábiles para correccións ou emendas nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. De non existiren candidatos/as excluídos/as, a listaxe provisional elevarase automaticamente a definitiva.

As reclamacións, de existiren, resolveranse na resolución pola que se aproba a listaxe definitiva que se publicará da mesma forma que a provisional. Nesta mesma resolución recollerase a composición do tribunal e o lugar, hora e a data da celebración das probas.

O día da realización das probas o tribunal levantará acta coas puntuacións outorgadas aos/as aspirantes en cada proba. A valoración destes méritos publicarase de forma global coa puntuación acadada na proba práctica conferíndolle a todos/as os/as interesados/as un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou alegacións. De presentárense reclamacións ou alegacións o tribunal resolverá as mesmas e volverá a publicar a lista cos resultados definitivos que elevará á alcaldía coa persoa proposta para ocupar o posto.

As persoas que non consigan ocupar o posto pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo de tal maneira que, se os/as seleccionados/as causan baixa por IT, maternidade, renuncia, etc, o Concello tirará desa bolsa para cubrir o posto vacante e polo tempo límite da subvención da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, isto é, ata cumprir os nove meses concedidos pola subvención concedida.“

Sendo as 10:50:00 horas, convócase en chamamento único aos aspirantes que non xustificaron estar en posesión do Celga 1 segundo o punto 6.2 das bases do proceso selectivo, para a realización da proba práctica consistente nunha entrevista en galego, previa comprobación da súa identidade .



Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo dá Feira, nº 1 //C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O Tribunal por unanimidade decidiu coa presenza da normalizadora lingüística do Concello Yolanda Cives Paz como asesora na valoración que falen en galego para amosar as súas habilidades nesta lingua da súa experiencia laboral acordando considerar a ambos aspirantes aptos tras a valoración das respostas realizadas motivando a aptitude en que como indica a normalizadora lingüística asesora do Tribunal a fonética e boa, falan galego tradicional con utilización correcta dos verbos e da linguaxe facendo unha exposición acorde o nivel dun Celga 1 que e o esixido nas bases .

NÚMERO	NIF	NOME / Resposta	CALIFICACIÓN
1	***1645**	Bermúdez Manteiga, Roberto Indica que traballou mais de 15 anos en materia forestal , limpeza carreteiras, xardinaría, que fixo cursos de prevención menciona as empresas nas que desempeñou a súa labor destacando a de Andrés Seoane de traballo limpeza ríos , Eulen en Teruel ...	APTO
2	***8175**	Bouzas Bao Secundino Expón que ten mais experiencia que outros anos e ganas de traballar . Di que traballou na casa non noutras empresas, e fixo de todo, pintura, cociña, alimentación finaliza sinalando que traballou no Concello de Carral 17 días.	APTO

Sendo as 11:00 horas, procédese á valoración de méritos segundo o punto 6.1 das bases do proceso de selección .

Indica a secretaria en relación có mérito a- *Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas (ata un máximo de 1,75 puntos).*

- *0,015 puntos por hora de formación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas e por cursos relacionados coas funcións*



Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo dá Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

propias dos postos a ocupar: ata un máximo de 1,0 punto, o concepto deste tipo de programas considerando que non son programas de capacitación formación e integración todos os cursos nun sentido literal .

. A continuación por unanimidade acordan outorgar as seguintes valoracións:

	FORMACIÓN (MAX. 1,75 PUNTOS)	EXPERIENCIA PROFESIONAL (MAX. 1.00 PUNTOS)	CARNET CONDUCIR PUNTOS)	DE (0,25 TOTAL
LIÑARES UZAL, JOSE ANTONIO	1, Valorando: 0,3 de AGASP financiación FSE 20 horas curso Básico Protección Civil 0,6 AGASP financiado por FSE Prevención contra incendios 40 horas 0,51 Accidentes na estrada 34 horas lectivas 0,3 do Concello de Carral uso e manexo de máquinas elevadoras de Carga 20 horas Primeros auxilios 17 horas Concello Carral 0,255	0,525 Valorando : contratos no Concello de Carral 2/10/2009 1/8/2010 e 7/2/2011 28/9/2012 e 4/11/2013 tamén Empresa de transformación agraria contratos de 11/08/2008 e 15/12/2008	0,25	1,78
BERMUDEZ MANTEIGA, ROBERTO	1,75 Valorando: Certificado profesionalidade Actividades en conservación y mellora montes Certificado profesionalidad actividades auxiliares en viveros jardines y centros de jardinería	0,375 Valorando: contrato Concello Carral 15/7/2025 Sanchez López Yeray 1/8/2024 Seoane Villaverde 21/2/2022 Seoane Villaverde 4/6/2018 Seoane Villaverde contratos de 6/2/2017 e 23/5/2016 así como 1/2/2016	0	2,13
BOUZAS BAO, SECUNDINO	1,75 Valorando Obradoiro emprego 0 reserva Biosfera		0,25	2



Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Actividades
auxiliares en
conservación e
mellora de montes

Sendo as 11:30 horas, o tribunal trasládase a nave cocheiras do Concello de Carral, sita na rúa Paleo (ao carón do centro Antón Fraguas) para a realización da proba práctica acordando por unanimidade que será a que segue:

1. Marco da proba (segundo as bases)

Puntuación total da oposición: 7 puntos

Duración máxima: 15 minutos, coa posibilidade de que o tribunal formule preguntas de aplicación práctica.

Contido: traballos propios do posto de peón/oa forestal – limpeza de montes, silvicultura, xestión da biomasa e prevención de incendios nas faixas secundarias

2. Criterios de valoración (1,75 puntos cada un)

<i>Criterio</i>	<i>Que valora o tribunal</i>
<i>Destreza 1,75</i>	<i>Manexo correcto e seguro das ferramentas e técnica de execución (postura/corte/agarre/control da ferramenta)</i>
<i>Adecuación dos materiais 1,75</i>	<i>Selección das ferramentas, EPIs e materiais axeitados para a tarefa proposta, e xustificación da escolla</i>
<i>Axilidade 1,75</i>	<i>Tempo empregado en completa o traballo dentro do límite de 15 minutos, sen perder calidade nin seguridade</i>
<i>Respostas prácticas 1,75</i>	<i>Claridade, corrección técnica e adecuación das respostas ás preguntas do tribunal sobre a tarefa realizada. Sendo as preguntas Como se diferencia o tipo de disco/cabecal da desbrozadora segundo a vexetación ? Resposta diferencia cordón herba , diamante para silvas , e virado leñosas Que mantemento básico require a ferramenta empregada ? Engraxado, afiado, buxías , limpeza, filtros</i>

Exercicio práctico

Suposto: nunha faixa fronte a nave de servizos durante 5 minutos desbrozar previa indicación do combustible a empregar na desbrozadora e colocación de EPI as súa disposición (casos, pantalla cinturón guantes) na súa realización en 5 minutos valoranse os criterios indicados destacando tamén a realización do desbroce da matogueira nun radio delimitado, mantendo unha distancia de seguridade e unha postura correcta. olocar correctamente o EPI necesario



Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Acordou o Tribunal por unanimidade outorgar as seguinte puntuación:

Realizada a proba, acadáronse os seguintes resultados:

1.-ROBERTO BERMUDEZ MANTEIGA

Criterio	Máximo	Puntuación
Destreza na realización da proba	1,75	1,75
Adecuación da elección dos materiais empregados	1,75	1,75 elixe mezcla e a colocación do EPI e perfecta
Axilidade na realización dos traballos	1,75	1,75 O mellor dos tres aspirantes
Adecuación das respostas ás preguntas prácticas	1,75	1,62. Resposta correctamente o uso de cordón de nailón para herba discos de dous ou tres puntas para vexetación máis densa ou madeira, penalízase un pouco a puntuación xa que non menciona en mantemento afiado, e mantemento filtros e buxía
TOTAL	7,00	6,87

2.- SECUNDINO BOUZAS BAO

Criterio	Máximo	Puntuación
Destreza na realización da proba	1,75	1 pola mala colocación de chaleco afecta o manexo correcto e seguro da



Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Adecuación da elección dos materiais empregados	1,75	desbrozadora en relación cós outros aspirantes
Axilidade na realización dos traballos	1,75	0,5 non coloca guantes , non pecha cinturón , coloca cascos e careta coa máquina xa encendida Si elixe ben a mezcla
Adecuación das respostas ás preguntas prácticas	1,75	0,75 no tempo empregado perdeu seguridade calidade pola mala colocación do chaleco.
TOTAL	7,00	0,5 di que se elixe un ou outro cabezal en función das necesidades polo que non concreta e sobre mantemento menciona engraxe do cabezal e ter o día a ferramenta.
3.-JOSE ANTONIO LIÑARES UZAL		
Criterio	Máximo	Puntuación
Destreza na realización da proba	1,75	1,65 En comparativa con aspirante de maior puntuación e boa a súa destreza pero a postura e conrol da ferramenta e superior noutro aspirante que



Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Adecuación da elección dos materiais empregados	1,75	ten a máxima puntuación, 1,75 Correcto uso dos EPIS que pon a súa disposición o Tribunal a maiores trae perneiras de protección , usa cinturón para desbrozar e elixe a mezcla como combustible.
Axilidade na realización dos traballos	1,75	1,65 En comparativa con aspirante de maior puntuación a calidade do traballo e inferior .
Adecuación das respostas ás preguntas prácticas	1,75	1,75 resposta cordón para herba , disco tres puntas para vexetación maderosa e o de dous para herba alta resto da vexetación .
TOTAL	7,00	6,8

Rematada a proba práctica, os membros do tribunal **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Outorgar as seguintes calificacións aos aspirantes:

	FASE DE CONCURSO	FASE DE OPOSICION	TOTAL
LIÑARES UZAL, JOSE ANTONIO	1,78	6,8	8,58
BERMUDEZ MANTEIGA, ROBERTO	2,13	6,87	9
BOUZAS BAO, SECUNDINO	2	2,75	4,75



Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

SEGUNDO.- Publicar a presente acta no taboleiro de anuncios do Concello de Carral, concedendo un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou alegacións. De presentarse reclamación serán atendidas e resoltas polo Tribunal volvendo a publicar resultados definitivos e elevando proposta de contratación ó Alcalde .

De non presentarse reclamacións elevarase ó Alcalde proposta de contratación a favor de :

1.- BERMUDEZ MANTEIGA, ROBERTO ***1645**	2,13	6,87	9
2.- LIÑARES UZAL, JOSE ANTONIO ***6483**	1,78	6,8	8,58

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 12:15 horas do día da data, estendéndose a presente acta que se aproba por todos os membros para constancia de todo o acordado e asinándose electrónicamente nas datas e horas que figuran á marxe pola secretaria e a presidenta do tribunal para a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello para xeral coñecemento.

A Secretaria

Vº Prace

A Presidenta